Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A., de acordo co informe de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” do xefe do Servizo de Patrimonio do 15 de decembro de 2017 e o resultado do sorteo que tivo lugar na sesión da Mesa de Contratación da mesma data.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A., o procedemento procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241) coas seguintes condicións:

- a) *Este contrato non xera custo económico directo para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo ningún á correduría. Esta será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros a porcentaxe de comisión que tiña ofertado o contratista.*
- b) *Propón unha porcentaxe de corretaxe anual sobre as primas netas das pólizas de seguros que contrate o Concello de Vigo:*

Póliza	Porcentaxe de corretaxe
Responsabilidade civil	1%
Vida	1%
Flota de vehículos	1%
Outros	1%

- c) *Propón un incremento das horas mínimas de formación do persoal municipal (20 horas) en 24 horas anuais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(17).-INDEMNIZACIÓNS, POR RAZÓN DO SERVIZO, DO PERSOAL DE VARIOS SERVIZOS MUNICIPAIS (GASTOS DE LOCOMOCIÓN). EXPTE. 31195/220.

Visto o informe de fiscalización de data 9/01/18, dáse conta do informe-proposta do 10/01/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos

Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda (Resolución da Alcaldía de data 05/01/2018), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Ospio, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Seguridade e Mobilidade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos e Benestar Social, Educación, Área de RRHH e Formación (SPRL), Normalización Lingüística e Vigozoo.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

No caso dos expedientes 80790-250, 80817/250, 80818/250 e 80910/250, a Comisión de Goberno de datas 20/10/2003 e 20/11/2000, acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais ao funcionario con número de persoal 78966, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Vías Municipais, e do Xefe do Servizo de Vías e Obras, respectivamente. Incorpórase en ditos expedientes relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc., incluíndo relación de expedientes e localización das obras. Procédese por este servizo de Recursos Humanos a comprobar se proceden ou non deducións do citado importe, polos días nos que o empregado puidera disfrutar de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e



Concello de Vigo

conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **10.453,45 €**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 83280-:

Nº Expte.	Servizo	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
80936/250	VÍAS E OBRAS	*****815-J	11682	Outubro	167,96 €
80790/250		*****182-H	78966	3º Trim 2017	360,60 €
80817-80818-80910/250		*****050-B	77170	2º Trim. A Out.	841,40 €
3599-3625/443	OSPIO	*****730-J	79185	Setembro-Out.	540,74 €
		*****817-X	17489	Setembro-Out.	315,97 €
3624-3625/443		*****307-P	78929	Maio a setembro	1.352,99 €
14543-14742-14775/77	D.L.EMPREGO	*****232-R	13920	Out-Decembro	114,24 €
497-499/201	CONSERXERÍA	*****162-E	13706	Out-Novembro	438,52 €
		*****496-H	17822	Out-Novembro	503,69 €
170134335	SEGURIDADE	*****643-B	15303	Out-Decembro	528,96 €
170150298		*****314-D	15355	Out-Decembro	445,93 €
170168141		*****371-N	15480	Out-Decembro	518,51 €
34960-34974-35010/502	SERV.ECONÓM.	*****018-D	15510	Set-Novembro	765,51 €
		*****726-R	11529	Set-Novembro	762,85 €
		*****647-F	9550	Set-Novembro	752,02 €
		*****131-E	8361	Setembro	231,99 €
		*****315-S	23656	Set-Novembro	483,93 €
11257-11284-11333/255	CEMITERIOS	*****284-W	76430	Set-Novembro	354,73 €
170154295	MUSEOS	*****836-L	76439	Novembro	4,56 €
		*****376-C	18543	Nov-decembro	8,55 €
170167258		*****947-P	15071	Novembro	9,12 €
147213-147822-149124/301	B. SOCIAL	*****105-M	82992	Set-Novembro	16,20 €
148097-148096/301		*****076-R	78716	Set-Outubro	8,55 €
147920-149280/301		*****793-E	79557	Out-Novembro	5,29 €
147921/301		*****852-D	80886	Outubro	6,08 €
170146345/170151148	EDUCACIÓN	*****823-K	19399	Xullo-outubro	413,82 €

143/2202	RRHH-FORMACIÓN	*****676F	80660	Xan-décembro	127,30 €
2277/334	NORMALIZACIÓN LING.	*****893-R	23840	Ago-setembro	11,00 €
170118963	VIGOZOO	*****426-R	83260	Feb-setembro	207,40 €
170117776		*****324-Q	83280	Feb-marzo	155,04 €
TOTAL					<u>10.453,45 €</u>

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o eResolución da Alcaldía de data 05/01/2018xercicio económico 2017.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2017.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

"Aprobar o gasto por un importe de **10.453,45 €.**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 83280-



Concello de Vigo

imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

Das seguintes partidas funcionais:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras - Ospio	3.579,67 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	114,24 €
9200	Conserxería	942,21 €
1330	Mobilidade e Seguridade	1.493,40 €
9320	Servizos Económicos	2.996,30 €
1640	Cemiterios	354,73 €
3371	Museos	22,23 €
2310	Benestar Social	36,12 €
3230	Educación	413,82 €
9201	Area RR.HH. E Formación	127,30 €
3341	Normalización Lingüística	11,00 €
3371	Vigozoo	362,44 €
	TOTAL	10453,45

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(18).-RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RPT: REORGANIZACIÓN SERVICIOS, READSCRIPCIÓN E REVISIÓN DE RETRIBUCIONES DE DIVERSOS POSTOS. EXPTE. 30627/220.

Visto o informe de fiscalización do 11/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/18, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Orzamentos e Facenda (Resolución da Alcaldía de data 05/01/2018), que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local , en sesión extraordinaria e urxente de data 21/11/2017 acordou a aprobación inicial do expediente administrativo 30627-220 "Modificación puntual da vixente RPT: reorganización servizos, readscripción e revisión retribucións diversos postos.

En data 22/11/2017, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia no que se indica o sometimento a información pública do expediente de referencia , aos efectos de presentación de alegacións.

En relación coas alegacións presentadas en prazo, cómpre indicar o seguinte:

- **Alegación presentada por D. Jesús López Moure en data 21/11/2017 (documento nº 170179360):** con respecto á mesma, cabe indicar que as reunións técnicas que o persoal municipal poda manter co persoal asignado á Área de Recursos Humanos e Formación teñen o carácter de reunións de traballo, de estricto contido técnico, pero en modo algún teñen carácter vinculante, nin suplen -nin poden suplir- ás decisións que, no marco da negociación colectiva, conclúan as partes lexitimadas para a negociación colectiva, que son os sindicatos representativos e o Goberno Municipal, consonte ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito.

No marco da mesa xeral de negociación celebrada respecto da reestructuración de postos de traballo obxecto do presente expediente non consta alegación, aportación, disenso ou discrepancia algunha manifestada por ningunha das partes lexitimadas para a negociación colectiva. Ademáis, debe considerarse que a planificación dos recursos humanos do Concello de Vigo e a implementación das políticas públicas que na materia se definan polo Goberno Municipal están residenciadas no Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por Decretos da Excma. Alcaldía de 19.06.,5 e 30.12.2016, sendo a definición da RPT expresión das potestades públicas de autoorganización e de planificación legalmente atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación básica de réxime local (artigo 4,1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

En consecuencia, e non concorrendo novos elementos de xuízo que avalen a necesidade de efectuar unha nova análise e valoración do posto de traballo obxecto de alegación, procede ratificarse na argumentación técnica contida no informe-proposta de data 27/10/2017 emitido á aprobación inicial do presente expediente, procedendo igualmente a desestimación da mesma, en atención á motivación exposta.

- **Alegacións presentadas en datas 22/12/2017 (documentos nºs 170180065 e 170180034) por D. Alvaro Crespo Casal e conformadas polo Concelleiro-delegado da Área de Montes, Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos:** con respecto ás mesmas, cabe indicar que o acordo de reestructuración da RPT inicialmente aprobado recolle as decisións que, no marco da negociación colectiva, teñen adoptado as partes lexitimadas para a negociación colectiva, que son os sindicatos representativos e o Goberno Municipal, consonte ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito. Non consta documento nin discrepancia algunha manifestada no marco da mesa xeral de negociación celebrada respecto da reestructuración de postos de traballo obxecto do presente expediente por ningunha das partes lexitimadas para a negociación colectiva. Ademáis, debe considerarse que a planificación dos recursos humanos do Concello de Vigo e a implementación das políticas públicas que na materia se definan polo Goberno Municipal están residenciadas no Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por Decretos da Excma. Alcaldía de 19.06.,5 e 30.12.2016, sendo a defini-



Concello de Vigo

ción da RPT expresión das potestades públicas de autoorganización e de planificación legalmente atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación básica de réxime local (artigo 4,1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

En consecuencia, e non concorrendo novos elementos de xuízo que avalen a necesidade de efectuar unha nova análise e valoración dos postos de traballo obxecto de alegacións, procede ratificarse na argumentación técnica contida no informe-proposta de data 27/10/2017 emitido á aprobación inicial do presente expediente, procedendo igualmente a desestimación das mesmas, en atención á motivación exposta.

- **Alegación presentada por D. Miguel Fidalgo Iglesias en representación do grupo Municipal do PP de Vigo en data 22/12/2017 (rexistro do Pleno 1682/1101):** tendo sido recibida a alegación en data 29/12/2017 -ao ter sido presentada no rexistro do Pleno e non no rexistro xeral nin na sede electrónica do Concello de Vigo- e unha vez incorporada ao expediente electrónico obxecto do presente informe coa mesma dada, con respecto á mesma cómpre informar que a configuración dos postos de traballo resulta ser froito das decisións que, no marco da negociación colectiva, conclúan as partes lexitimadas para a negociación colectiva, que son os sindicatos representativos e o Goberno Municipal, consonte ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito.

Non consta documentado, nin acreditado, nin no marco da mesa xeral de negociación celebrada respecto da reestructuración de postos de traballo obxecto do presente expediente alegación, aportación, disenso ou discrepancia algunha manifestada por ningunha das partes lexitimadas para a negociación colectiva. Ademais, debe considerarse que a planificación dos recursos humanos do Concello de Vigo e a implementación das políticas públicas que na materia se definan polo Goberno Municipal están residenciadas no Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por Decretos da Excm. Alcaldía de 19.06.15 e 30.12.2016, sendo a definición da RPT expresión das potestades públicas de autoorganización e de planificación legalmente atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación básica de réxime local (artigo 4,1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

Igualmente, salientase que o contido funcional dos postos de traballo non presenta variación sustancial en canto as súas funcións e tarefas, aínda que se proceda a actualización das Guías de Funcións vixentes en canto aos postos de "Técnico/a de Sanidade e Salubridade" e "Inspector/a de Sanidade, Vertidos e Salubridade".

En consecuencia, e non concorrendo novos elementos de xuízo que avalen a necesidade de efectuar unha nova análise e valoración dos postos de traballo obxecto de alegación, procede ratificarse na argumentación técnica contida no informe-proposta de data 27/10/2017 emitido á aprobación inicial do presente expediente, procedendo igualmente a desestimación da mesma, en atención á motivación exposta.

- **Alegación presentada por D. Ramón Hermida-Cachalvite Vázquez en data 21/12/2017 (documento nº 170179016):** con respecto á mesma, cabe indicar que o

acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local responde esencialmente ás decisións que, no marco da negociación colectiva, conclúan as partes lexitimadas para a negociación colectiva, que son os sindicatos representativos e o Goberno Municipal, conxuntamente ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito.

Non consta documentado, nin acreditado, nin no marco da mesa xeral de negociación celebrada respecto da reestructuración de postos de traballo obxecto do presente expediente consta alegación, aportación, disenso ou discrepancia algunha manifestada por ningunha das partes lexitimadas para a negociación colectiva. Ademais, debe considerarse que a planificación dos recursos humanos do Concello de Vigo e a implementación das políticas públicas que na materia se definan polo Goberno Municipal están residenciadas no Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por Decretos da Excm. Alcaldía de 19.06.15 e 30.12.2016, sendo a definición da RPT expresión das potestades públicas de autoorganización e de planificación legalmente atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación básica de réxime local (artigo 4,1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

En consecuencia, e non concorrendo novos elementos de xuízo que avalen a necesidade de efectuar unha nova análise e valoración do posto de traballo obxecto de alegación, dado que o alegante atópase asignado a un posto base de Técnico de Administración Xeral, coas funcións básicas contidas nas vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo, e que depende xerárquica e organizativamente dunha xefatura de servizo, que é a que debe asumir as responsabilidades que se atribúe o reclamante, dado que é o seu superior xerárquico, procede ratificarse na argumentación técnica contida no informe-proposta de data 27/10/2017 emitido á aprobación inicial do presente expediente, procedendo igualmente a desestimación da mesma, en atención á motivación exposta.

- **Alegación presentada polo Comité de Persoal, en data 20/12/2017 (Doc 170178004,)** no que a representación sindical solicita a subsanación do erro detectado no citado expediente, en relación coas retribucións asignadas aos postos Codg Rtb 108 e 109, toda vez que non se recolle a súa configuración co CD 20, e dado que nas Mesas xerais de negociación era intención do Comité de Persoal a asignación de dito complemento de Destino.

Tendo en conta as funcións desenvolvidas por ditos postos e comparados con outros postos de contido similar en canto a responsabilidades (técnicos auxiliares de laboratorio, técnicos auxiliares de biblioteca, inspectores municipais, etc) ten asignado o CD 20, considere axeitado a configuración dos postos Codg Rtb 108 e 109, co CD 20

Deste xeito, a diferenza anual entre ambos complementos de destino (19-20) ascende a cantidade anual de 641,48 €. Toda vez que na vixente RPT atopasen dous postos de Técnico/a auxiliar de sinalización e un de técnico auxiliar sala control de tráfico, dita modificación supón un incremento do gasto proposto no expte 30627-220 de 1924,44€.



Concello de Vigo

En consecuencia procede a estimación da alegación presentada en atención a motivación exposta.

- **Alegación presentada por D. Fernando Vilaboa Pérez , en data 05/12/2017 no que solicita se inclua a modificación retributiva do posto Codg Rtb 170 “Conservador de Espazos Naturais de Patrimonio Histórico” solicitada en data 17/04/2017 mediante a asignación ao posto o nivel CD 22 e CE 88.**

En relación coa mesma indicase que as funcións e tarefas relacionadas como son a redacción de pregos de condicións técnicas, redacción de proxectos técnicos, redacción de informes propostas, non se inclúen entre as competencias do posto, encastrado no subgrupo C1 de titulación e polo tanto a súa participación nas mesmas haberán de ser de colaboración e aporte de datos a seus superiores xerarquicos na realización de informes, propostas, etc.

As demais funcións enumeradas e relacionadas co coñecemento das directivas europeas en relación co tratamento e xestión dos espazos naturais así como control da fauna e flora nociva para estes ámbitos , a coordinación con outros servizos municipais, a xestión de ferramentas e materiais do servizo, e as actuacións en materia de P.R.L. atopanse recollidas na guía de funcións do posto, aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 20/09/2010, nas que se inclúen amais a elaboración e execución de plans de loita integrada contra as pragas realizando o control da toma de mostras e o seu tratamento.

En consecuencia procede a desestimación da alegación presentada en base a motivación exposta anteriormente.

- **Alegación presentada por D. Gilberto Moldes Crespo en data 22/12/2017 (Doc 170180128)**, con respecto á mesma, indicase que o acordo de reestructuración da RPT inicialmente aprobado recolle as decisións que, no marco da negociación colectiva, teñen adoptado as partes lexitimadas para a negociación colectiva, que son os sindicatos representativos eo Goberno Municipal, consonte ao establecido nos artigos 31 a 46 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, sempre que os pactos e acordos adoptados se axusten a Dereito.

Non consta documento nin discrepancia algunha manifestada no marco da mesa xeral de negociación celebrada respecto da reestructuración de postos de traballo obxecto do presente expediente por ningunha das partes lexitimadas para a negociación colectiva. Ademais, debe considerarse que a planificación dos recursos humanos do Concello de Vigo e a implementación das políticas públicas que na materia se definan polo Goberno Municipal están residenciais no Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por Decretos da Excm. Alcaldía de 19.06.15 e 30.12.2016, sendo a definición da RPT expresión das potestades públicas de autoorganización e de planificación legalmente atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación básica de réxime local (artigo 4,1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). En consecuencia, e non concorrendo novos elementos de xuízo que avalen a necesidade de efectuar unha nova análise e valoración dos postos de traballo obxecto de alegacións, procede ratificarse na argumentación técnica contida no informe-proposta de data 27/10/2017 emitido á aprobación

inicial do presente expediente, procedendo igualmente a desestimación da alegación referida a asignación de código de específico, en atención á motivación exposta.

En relación co carácter retroactivo da nova configuración retributiva do posto, toda vez que a motivación da nova configuración retributiva basease na necesidade de axustar esta as funcións realmente desempeñadas segundo escrito do Concelleiro Delegado da Área e segundo o art. 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, parece axeitado a estimación da alegación presentada neste senso.

- **Alegacións presentadas por D^a Esther Cambeiro Fuentes e D^a Rocio Lago Carrera en datas 22/12/2017 (documentos nºs 170180076 e 170180078).**

En relación coas alegacións anteriores salientase que o contido funcional dos postos de traballo non presenta variación sustancial en canto as súas funcións e tarefas, aínda que se proceda a actualización das Guías de Funcións vixentes en canto aos postos de “Técnico/a de Sanidade e Salubridade” e “Inspector/a de Sanidade, Vertidos e Salubridade”. En consecuencia, procede a desestimación das mesmas.

- **Alegacións presentadas polo Grupo Municipal Marea de Vigo en data 22/12/2017 (documento nº 170180114):** en relación á alegación presentada, estruturada en 5 puntos, infórmase o seguinte:

1.- Con respecto ao punto 1, no artigo 18. Siete da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, especificamente dedicado ás adecuacións retributivas excepcionais e singulares, o cal sinala expresamente que:

“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”

Por tanto, non se axusta á realidade a afirmación realizada de que se vulneran os límites ao incremento retributivo dos empregados públicos; afirmación efectuada sin ter en conta o marco legal aplicable en materia retributiva do persoal ao servizo das entidades locais, e tamén con manifesto descoñecemento do contido dos informes propostos emitidos ao expediente, así como do informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Xeral Municipal, os cales en ningún caso poderían ser favorables se se plasmase a presunta ilegalidade que a parte alegante invoca.

2.- Con respecto ao punto 2, no cal se manifesta a inexistencia de amparo legal que xustifique outorga efectos retroactivos aos incrementos salariais, lémbrales que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, establece claramente no seu artigo 39, apartado 3, que:

*“3. Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, **así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.**”*



Concello de Vigo

No expediente de reestruturación obxecto de informe consta acreditada que a necesidade de revisión dos postos de traballo deriva do desempeño de funcións distintas ás propias e inherentes ás do contido funcional dos mesmos, á vista das solicitudes efectuadas, no exercicio das súas competencias, polas Concellerías-delegadas das Áreas, previamente informadas favorablemente polas correspondentes xefaturas de área e/ou servizo. Este punto resulta especialmente salientable, de cara a clarexar a existencia efectiva dos supostos de feito motivadores da revisión de postos de traballo, como esixe o precepto indicado.

Adicionalmente, concorre tamén o requisito de ausencia de lesión de dereitos ou intereses lexítimos de outras persoas, dado que existe unha representación sindical do persoal municipal encargada da defensa dos seus intereses e benestar, que son os sindicatos, e que teñen legalmente atribuída a lexitimación para acadar pactos e acordos coa outra parte lexitimada (Goberno Municipal) nos termos do previsto na normativa vixente (vid. artigos 31 a 46 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público). Así, na Mesa Xeral de Negociación celebrada ao efecto en data 26/10/2017 adoptouse acordo favorable ao expediente inicialmente aprobado (vid. acta da sesión).

3.- Con respecto aos puntos 3 e 4 -que se informan conxuntamente por estar directamente interrelacionados- indicase o seguinte en canto a normativa aplicable á función pública local:

a) Aspectos relativos á provisión dos postos de traballo reservados a empregados públicos encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación:

Con respecto a este punto, debe salientarse que a forma de provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación se atopan configurados, con carácter xeral, na organización municipal do Concello de Vigo como postos cuxo sistema de provisión asignado é o de libre designación.

Segundo o disposto no artigo 74 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, *“las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos”*. No mesmo senso, o artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia -de aplicación no que proceda, nos termos do disposto no seu artigo 7, ás entidades locais galegas, de conformidade co artigo 4.1 das mesma- recolle a potestade de contemplar, ben a través da RPT ou doutro instrumento similar, unha relación ou catálogo dos postos de traballo existentes en cada Administración Pública, como máxima expresión das potestades públicas de planificación e de autoorganización legalmente recoñecidas ás entidades locais polo artigo 4.1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal -publicadas no BOP nº 22 de data 16.11.2010- establécese expresamente, en relación á provisión de postos de traballo, que “a forma de provisión normal será o concurso, pero as xefaturas de

unidades ou servizos de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistaranse mediante libre designación”.

O dito instrumento de ordenación dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo foi negociado no seu día coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais, como así consta nas actas das mesas xerais de negociación celebradas ao efecto, sen que en modo algún conste unha oposición expresa á determinación no dito documento do sistema libre designación como forma de provisión de postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2; sistema que venise contemplando no Concello de Vigo dende etapas remotas, durante as cales se sucederon moi diversos gobernos municipais de diferentes siglas e tendencias.

Así, deben lembrarse as relacións de postos de traballo do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2009 (BOP nº 53, do mércores 18 de marzo de 2009); 2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005) e 2000 (BOP nº 213, do martes 7 de novembro de 2000) entre outras, e con respecto ás cales non consta impugnación xurisdiccional algunha ao respecto da forma de provisión polo sistema de libre designación.

Non resulta ser certa a manifestación contida no escrito de que o sistema de provisión de postos de traballo por libre designación non se axusta a dereito, dado que a legalidade vixente así o establece; reservando este sistema para aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

En concreto, o artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia contempla o sistema de provisión por libre designación indicado, con respecto ao cal debe indicarse que resulta ser idéntico -sen prexuízo de certas peculiaridades de índole procedimental- ao sistema contemplado para a cobertura dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (vid. Decreto autonómico 49/2009, do 24 de febreiro, en relación co disposto nos artigos 92 e 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

Seguindo o razonamento da parte alegante, estarían incumprindo a lei a práctica totalidade dos máis de 8.000 concellos de España na forma de provisión dos postos reservados a funcionarios encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación, así como dos postos reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Sen prexuízo do anterior, e polo que respecta á previsión das instrucións sobre plantilla anexas á RPT vixente -referida a que *“as xefaturas de unidades ou servizos de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistaranse mediante libre designación”*- certo é que o concepto de “confianza” na súa aplicación aos funcionarios públicos en modo algún pode ser interpretado como confianza de carácter político ou persoal, nos termos da doutrina xurisprudencial sentada polo Tribunal Constitucional (TC), que indica que a “especial confianza” nos funcionarios públicos que acceden a postos cuxa provisión é a establecida por sistema de libre designación se concreta na **confianza profesional e institucional**, nunca política – xa que ésta, en todo caso, está reservada ao persoal eventual-; a tal efecto, Vid. STC n.º 235/2000, de 5 de outubro, a cal sinala que:



Concello de Vigo

